



ACEPTACIÓN NORMAS COMEDOR ESCOLAR IES DE FOZ E ASISTENCIA

D./a _____

pai/nai ou titor/a do alumno/a _____

de _____ curso, grupo _____ da ESO/BAC acepto as seguintes normas do comedor escolar e confirmo a asistencia ou saída previa os seguintes días da semana:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Asiste (x)					

1. A entrada e saída do comedor farase puntualmente e de xeito ordenado.
2. Cando rematen as clases da mañá os alumnos dirixiranse inmediatamente ó comedor, cada un ó sitio asignado polo persoal encargado do comedor.
3. Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que durante o prazo dun mes de xeito continuado non fagan uso do citado servizo coa frecuencia solicitada, **causarán automaticamente baixa no servizo**, agás causas debidamente xustificadas polos usuarios/as ante a dirección do respectivo centro educativo.
4. Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que en **tres ocasións** non **comunique**n a súa **ausencia antes das 9.45 horas do día** que deba ter efecto, poderán ser **suspendidos** pola Dirección do centro ao dereito ao uso do servizo de comedor durante 10 días.
5. Todo alumno que tarde máis de cinco minutos deberá xustificar a falta de puntualidade ó persoal encargado do comedor.
6. Os traslados polo comedor (entradas, recollidas de bandexas, saídas...) realizaranse de xeito ordenado e seguindo as instrucións do persoal encargado do comedor.
7. Os centros deberán verificar que os usuarios xustifiquen os pagamentos e que estes sexan correctos, toda vez que a falta de aboamento total ou parcial do importe do servizo por parte dos usuarios será causa de **perda da praza** de comedor por acordo do Consello Escolar do centro.
8. Os incumprimentos no pagamento dos prezos públicos de cada mes impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos, para a cal contarase cun prazo máximo de 2 meses.
9. As dependencias e bens do comedor deberán ter un uso axeitado, debendo contribuír á súa conservación todos os membros da comunidade educativa.
10. Os alumnos deben coidar e utilizar correctamente os bens mobles e as instalacións do comedor
11. Cando se observe un desperfecto, comunicarase coa maior brevidade posible ó profesor de garda.
12. Cando os desperfectos fosen imputables a un uso indebido ou negligencia, os responsables destes costearán a súa reparación.
13. Prohíbese mascar goma de mascar ou introducir ou sacar comida ou bebida das dependencias do comedor.
14. Os alumnos deben comer a ración disposta e absterse de xogar cos alimentos e outros materiais (botellas, cubertos...). Se se quere repetir ración debe pedirse permiso ao persoal de garda.



15. O comedor do menú para o alumnado é unha aula de prácticas para o alumnado de hostalaría, e no momento do servizo funciona como tal. Isto conleva que o comportamento debe ser respectuoso e comprensivo co funcionamento destas prácticas.
16. O alumnado terá un sitio asignado, e **non se deberá de cambiar sen autorización** do profesor responsable.
17. O alumnado que marche do comedor sen avisar terá unha falta de orde

No caso de non asistir debe comunicarse chamando ao 982 87 02 87 ou enviando un email ao ies.foz@edu.xunta.gal

Para efectos de normativa seguiranse as instrucións, da secretaría Xeral técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa nos diferentes cursos escolares.

Coa seguinte firma, acepto as normas

Nai/pai/Titor/a legal: